# Cousas pequenas grandes obras fan!

Guión radiofónico – radio Tarabela. Decembro de 2012

María R- Ola, olaa, que tal estades???? Estamos convosco outra vez en, RADIO TARABELA!!!! A RADIO MÁIS CAÑEIRA!!! Son as 12 e emitimos estre programa para recordándovos a todos que cousas pequenas conseguen grandes obras

Lucía-Todos debemos coidar o planeta xa que é o noso fogar, e como cada día vemos que está un pouquiño máis enfermo, por causa da contaminación, ....NÓS, os nenos e nenas de 6º curso, decidimos facer este programa para darvos información e algúns conselliños para coidalo.

María R-Empezamos por algo básico....., que é a ecoloxía?

María D--A ecoloxía é a ciencia que estuda os seres vivos, o seu medio e as relacións que se establecen entre eles.

María R-Entón é o mesmo ecoloxía que ecosistemas??

David- O termo ecosistema emprégase para indicar a unidade natural de partes viventes, das inertes e as súas interaccións mutuas. Hai ecosistemas terrestres, mariños ou mixtos. A ver un bosque é un ecosistema, ao igual que un río e están formados por 3 elementos .... o biótopo que son os elementos non vivos e a biocenose ou comunidade de organismos e as relacións que hai entre eles.

María D- As relacións que se establecen entre eles teñen algo que ver cos niveis tróficos dun ecosistema?

María R- Pois si, claro entre os seres vivos establécense relacións alimentarias, uns serven de alimento aos outros. Nun ecosistema sempre existe unha serie de niveis tróficos, que comezan cos produtores primarios que son as plantas, estas serven de alimento aos consumidores primarios ou fitófagos tamén chamados herbívoros e estes á vez, son devorados polos consumidores secundarios que son os carnívoros, No nivel máis alto da cadea estarían os omnívoros

María D- E as cadeas alimentarias rematan aquí?

María R- Non tamén hai descompoñedores ou degradadores como algunhas bacterias e fungos que se alimentan descompoñendo seres vivos á vez que devolven á terra sales minerais e non nos esquezamos dos preeiros que se alimentan de animais mortos. Cada un cumpre unha función moi importante nos ecosistemas.

Alex- E agora atendede moi ben a Águeda que vos vai a falar dos bosques…

Águeda- Un bosque é un ecosistema cuberto de árbores. As árbores sérvenlle de fogar e alimento a outros seres vivos.

Hai distintos tipos de bosques: bosques de coníferas, bosques caducifolios, bosques tropicais.... Teñen unha importancia vital para o planeta e os seus habitantes... , pero están desaparecendo por diversas causas, córtanse ás árbores para obter madeira, pasta de papel ou zonas de cultivo,... tamén á causa dos incendios ou para construír carreteiras .

Estela- E por iso debemos comportarnos axeitadamente cando imos ao monte, a camiñar ou facer sendeirismo porque as árbores son as nosas depuradoras naturais e debemos coidalas, evitando talar en exceso,... mantendo o montes limpos de lixo e de maleza, desbrozando para evitar os incendios.

Águeda- Debemos manter a biodiversidade xa que como sabedes algunhas especies están en perigo de extinción como por exemplo o lince ibérico, que a min persoalmente encántame.

Estela- Por iso cando vaias o bosque debes respectar o entorno, non tirar xamais lixo, e mantelo máis limpo posible, non molestando a ningún animal. Non se che ocorra facer debuxos nas cortizas das árbores. SON SERES VIVOS!, ... Respecta as normas e prohibicións dos carteis.....e nunca, nunca nunca prendades lume.

Lucía- E non debemos esquecer que gracias ás plantas hai vida na terra .... xa que son elas as que repoñen o osíxeno que precisamos para respirar. Se este elemento non se renovara, a atmosfera saturaríase de dióxido de carbono e non sería posible a vida no planeta.

María A- As fábricas, os coches, os nosos fogares, os pesticidas que se emiten a atmosfera están destruíndo a capa de ozono...e o ozono protexe a vida na terra, xa que absorbe parte dos raios ultravioletas do sol. Ao reducirse, aumenta a temperatura do planeta o que provoca secas, que os polos se vaian derretendo e que vaia aumentando o nivel do mar, .

Alex- A contaminación atmosférica tamén produce a choiva ácida, ...esta choiva pode chegar a matar as plantas.... e xa sabedes o que pasaría a continuación.

María A- Polo tanto é importante que todos colaboremos e que emitamos menos gases nocivos á atmosfera..... Que podemos facer nós???, vos estaredes preguntando.... pois movernos máis a pé ou en bici... así tamén facemos exercicio físico e melloramos a nosa saúde

Alex- tamén debemos usar máis os transportes públicos e movernos menos en coches particulares.

María A- Apagar os electrodomésticos como a tele se non a estamos a ver. Non ter a neveira moito tempo aberta….

Águeda- É o noso deber ....coidar os ríos, fontes, lagos e lagoas, evitando verter lixo e augas residuais aos mesmos, depurando as augas e non consumindo auga en exceso.

Estela- Así que na casa non malgastes auga, non deixes A BILLA correndo, usa a ducha en vez de a bañeira, arranxa as billas para que non perdan auga, non malgastes auga da cisterna. USA A AUGA CON SENTIDIÑO non é un ben Inesgotable.

Águeda- Cando vaias ao mar non podes tirar papeis na praia. Moita xente pensa que o mar límpao todo, pero equivócase. Todo o que leva o mar.... acábao devolvendo á praia. Temos o exemplo claro do Prestixe. Levaron o barco mar adentro, pero todo o petróleo volveu ás praias. Vaia catástrofe!

Estela- Hai mellores distraccións que a pesca, aos rapaces pódenos divertir pero pódoche asegurar que aos peixes non. O anzó e as redes asegúroche que non lles gustan nadiña. Tampouco saques da auga cangrexos, estrelas de mar ou cunchas se non estas seguro de están baleiras.

María D- Outro problema medioambiental e a cantidade de lixo que xeramos nos nosos fogares.

María R- O lixo representa un gran problema para a humanidade. É importante que vos fagades á idea de que é necesario reciclar todo o que sexa posible. Así contaminaremos menos e aproveitaremos mellor os recursos naturais. Segue a regra das 3 R: reduce, recicla e reutiliza.

Alex-E para rematar uns ECOCONSELLOS

- Emprega axeitadamente a enerxía, é dicir, non a malgastes.

Lucía- Camiña, desprázate en bici, fai unha vida sá

María R- Lembra, o mellor lixo é o que non se produce

- Os residuos non son desperdicios desaproveitables.

David- O cambio climático obrigaranos a vivir con menos auga, así que non a malgaste.

Estela- Pensa dúas veces antes de cambiar de consola, ordenador ou móbil e demáis aparellos electrónicos. Nunca te preguntas onde van a parar os vellos...?

María A- Sempre que poidas escolle produtos locais e compra no teu barrio

María D-Temos que conservar os espacios naturais.

Águeda- Non acendas lumes, barbacoas nin botes petardos. Podes provocar un incendio.

TODOS- Difunde esta mensaxe aos teus amigos.

María R - ACTÚA SEMPRE DE FORMA CÍVICA, NA CASA, NO PARQUE, NO BOSQUE, NO COLE, NA CIDADE...

Águeda - EMPREGA OS RECURSOS NATURAIS DE XEITO SOSTIBLE

David - COIDA O ENTORNO E NON CONTAMINES O MEDIO AMBIENTE.

TODOS:

- Xuntos podemos

ti bota unha man

cousas pequenas grandes obras fan

da un paso ao fronte

non o penses máis

a vida no planeta imos mellorar

María R- E ata aquí este programa sobre comportamentos cívicos. Grazas por compartir con nós estes minutos, e ata a próxima emisión